

## 1. Introducción

Este proxecto perfílase como unha resposta específica á problemática educativa dunha serie de alumnos (seis) que amosaron ao longo da súa evolución académica unha inadecuación ao sistema educativo tipo que deveu en fracaso escolar. Esta circunstancia ten xerado non poucos inconvenientes, xa que, como é sabido, unha dinámica como a descrita provoca baixa autoestima, desmotivación, ausencia de hábitos de estudo, inexistencia de estratexias individualizadas de aprendizaxe e, con frecuencia, aprendizaxes que non se incardinan nun sistema global de coñecemento e que, polo mesmo, se revelan parciais, ineficaces, desvinculadas dos intereses do alumnado e que se asomen por parte do mesmo como irrelevantes para a vida.

As causas da inadecuación son de distinta índole- desde entornos familiares carenciais ou inestables ata dificultades que derivan das distintas capacidades -por iso, a diversidade non se manifesta só con respecto aos compañeiros de etapa, senón tamén dentro do propio grupo, que non forma un bloque homoxéneo. En realidade, conforme avanza o curso, parece claro que, en aras dunha maior eficacia, convirá considerar a existencia de diferencias entre os alumnos. Isto ha condicionar as estratexias de avaliación e as actividades de reforzo, pero non equivale á desintegración do grupo.

En calquera caso, conséntase, trala correspondente avaliación inicial, que existen unha serie de dificultades de aprendizaxes comúns a todos, aínda que cada un as sufra en diverso grao, que teñen que ver, en boa medida, co insuficiente dominio da área lingüística, tanto desde o punto de vista da oralidade como da escrita. A función instrumental da mesma na construción do coñecemento fica así reducida ou anulada e os alumnos non falan ben, non len ben, non estudan ben, nin saben interpretar adecuadamente os datos da realidade social e cultural ( en moitos casos, nin sequer os da máis próxima )

Consecuentemente, parece evidente que a tarefa prioritaria sería a de dotar a estes individuos das ferramentas adecuadas para que se enfronten coa elaboración do seu propio sistema de coñecemento. Desde esta premisa, a adquisición de destrezas na comprensión e produción de textos e no tratamento da información segundo os procedementos habituais nas Ciencias Sociais será o principal obxectivo. Paralelamente, e vinculado a el, propomos un obxectivo actitudinal que ten que ver co emprego das dúas linguas oficiais na nosa comunidade. A superación do conflito lingüístico no que se acha inmersa a nosa comunidade de falantes pola vía da valoración de ambas linguas como medios de enriquecemento cultural a nivel individual ( cantas máis linguas se dominan, mellor ) non pode ser obxecto de sesudas reflexións sociolingüísticas, senón unha realidade obxectiva que se concreta no quefacer diario da aula, un contido transversal, se se quixer. Respectarase a lingua de instalación de cada individuo e procurarase que, desde ela, se acceda á segunda lingua, procurando, en todo caso, fomentar actitudes de tolerancia, interese e valoración positiva do acervo cultural que conlevan ambas. O tratamento destas cuestións como o de todas as que se relacionan coas cuestións do entorno social na actualidade e, especialmente, as do entorno inmediato, teñen a súa explicación nos antecedentes históricos e dentro deste marco deben ser abordadas para formar cidadáns conscientes e críticos, ao tempo que respectuosos coa memoria da sociedade na que se integran.

## 2. Obxectivos xerais

Partindo dos obxectivos xerais da etapa, dos específicos de cada área e as necesidades do alumnado ao que van dirixidos, contemplanse os seguintes obxectivos xerais:

- 1.- A comprensión de textos orais e escritos.
- 2.- A produción de textos orais e escritos con coherencia e corrección suficientes, así como adecuación á situación comunicativa.
- 3.- Dominio das normas de ambas linguas en grao suficiente para permitir unha reflexión básica sobre os mesmos e a autocorrección dos propios hábitos erróneos.
- 4.- A adquisición dunha bagaxe léxica suficiente para afrontar un proceso gradual de aperfeizoamento das propias posibilidades expresivas
- 5.- A interpretación de textos literarios e a comprensión e valoración da súa especificidade, así como a descuberta das propias afeccións literarias, como medio para a formación de futuros lectores e lectoras.
- 6.- A apropiación de técnicas e métodos de investigación: procura de información verbal e icónica, estatística, cartográfica...e análise da mesma, coa adecuada hierarquización e interrelación dos datos provenientes do ámbito, discriminando información de opinión.
- 7.- Identificación das relacións e mecanismos que rexen o funcionamento das sociedades actuais e formación dunha opinión propia e razoada.
- 8.- Análise a diferentes escalas das interaccións que as sociedades humanas establecen co territorio que ocupan e valoración das consecuencias de tipo económico e medioambiental.
- 9.- Relacionar feitos políticos, económicos e culturais. Recoñecer a multicausalidade e o papel dos individuos no decurso da Historia.
- 10.- Valorar os elementos que configuran as sociedades democráticas como logros da Humanidade e medios de cultivo da paz.
- 11.- Valorar o patrimonio natural, cultural, lingüístico e artístico como acervo herdado e do cal se ten a responsabilidade de preservalo e melloralo para xeracións vindeiras.
- 12.- Participación en tarefas de grupo e debates con responsabilidade e respecto cara os outros, como vía para a comprensión de valores como a tolerancia, a autocrítica e a independencia de criterio.